





COSTA DE VIVEIRO

Adela Leiro, Mon Daporta
abril 2019



Distancia: 23 km (lineal) + camiñadas
Dificultade: baixa



- 1-Insuela e praia de Portonovo
- 2-Monte Faro
- 3-Punta Mogarón. Enseada dos Canaveirás.
- 4-Illa da Area
- 5-Praia e punta Arnela
- 6-Praia da Area
- 7-Punta do Becerro
- 8-A Cova Fría
- 9-O Altar. Porto e praia de Celeiro
- 10-Ría de Viveiro. Río Landro.
- 11-Viveiro
- 12-Praia de Covas. Os Castelos.
- 13-Praia de Seiramar
- 14-Praia de Sacido. Illa da Enchousa.
- 15-A Cuncha
- 16-O Cargadoiro/Peirao da Mina
- 17-Illa Queimada. O Queimado.
- 18-Punta do Cabalo. Punta Ínsua.
- 19-Praia da Abrela

O concello de Viveiro forma parte do tramo coñecido como Arco Cantábrico, chamado tamén Rías Altas, costa orientada ao norte, de Ribadeo ao Cabo Ortegal, á beira do mar Cantábrico.

A costa de Viveiro atópase toda ela dentro da ría, a unha e outra beira da desembocadura do río Landro, que aproveita a chamada falla de Viveiro para establecer o seu cauce e divide o territorio en dúas áreas de diferentes características, ao leste con dominancia de granitos e ao oeste xistos.

A parte máis próxima ao esteiro, entre Celeiro e Sacido, está totalmente ocupada por asentamentos humanos e instalacións portuarias, a non ser a

praia de Covas, e os tramos restantes están formados por cantís que na banda esquerda da ría, pola natureza das rochas que os forman e a posición dos estratos, son moi recortados e chegan a ter caídas de ata 50 m, mentres que na banda dereita son de caída máis tendida. Percorrela pola beira non é doado nas zonas de cantís porque son áreas despoboadas e sen camiños e nas zonas habitadas porque hai puntos nos que os peches das parcelas e o abandono das terras de labor fan imposible achegarse ao mar.

As principais actividades son a pesca e o marisqueo, os servizos, e a industria.

É un concello cun importante patrimonio natural (río Landro, cantís, praias) e cultural, centrado sobre todo na vila de Viveiro na que se conservan restos da antiga muralla, pontes antigas, igrexas, pazos e casas tradicionais.

Parte do litoral está protexido no LICs e ZEPA "Costa da Mariña Occidental

A Ría de Viveiro é un Lugar de Interese Xeolóxico.



Ría de Viveiro desde Montemaior

RÍA DE VIVEIRO

Ocupa o comezo da chamada falla de Viveiro que chega case ata o Courel. Ábrese entre as puntas Cabeiro e Mansa ou Saiñas, cun largor de 7 km e bastante profundidade. Na formación desta ría tivo unha gran influencia a diferente resistencia das rochas. A súa beira esquerda é de xistos e a dereita de granito de mica negra.

No seu interior acolle as praias de Area, Celeiro, Esteiro, na marxe dereita, e Covas, Abrela, A Cuncha, Sacido, Teixoso e Area Grande, na esquerda.

Os ecosistemas máis destacados son a marisma de desembocadura do río Landro cunha grande riqueza en flora e fauna, os areais e os cantís. Nos illotes refúxianse as aves mariñas.

O fondo da ría (Marismas do Landro) forma parte do LIC "Río Landro". Figura tamén como Punto de Interese Xeolóxico de Galiza e como Paisaxe Sobresaínte.



Granitos e filóns en Portonovo

LUGAR DE INTERESE XEOLÓXICO

2001. Ría de Viveiro

Interese: Xeomorfolóxico. Estratigráfico. Tectónico. Mineiro-metaloxenético. Petrolóxico-xeoquímico.

Unidade Xeolóxica: depósitos e formas de modelado costeiros e litorais.



Cantís na punta da Ínsua



Corvo mariño

RÍO LANDRO. Nace entre o cumio do Xistral e Coto Balsego. No comezo discorre sinuoso e encaixado cun forte desnivel case todo o seu percorrido ata remansarse nunha ampla chaira fluvial nas proximidades da ría de Viveiro, onde desemboca despois de 31 km. Está protexido no LIC "Río Landro"



Píllara riscada

LIC e ZEPA: COSTA DA MARIÑA OCCIDENTAL

Espazo nos concellos de Cervo, O Vicedo, Viveiro e Xove. Inclúe as illas Farallóns de Cervo e a costa desde a Enседа, en Morás, ata a frecha do río Sor, na ría do Barqueiro e os illotes fronte a ela. Exclúe os espazos urbanos. Na ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves) están protexidas 2.169 há mariñas.

O espazo té un grande interese xeolóxico, paisaxístico e ecolóxico. Podense atopar ecosistemas mariños areosos e rochosos, cantís, dunas e esteiros cunha grande diversidade de flora e fauna. Os illotes acollen importantes colonias de aves nidificantes, ás que hai que engadir un bo número de aves mariñas nas épocas de paso (carráns, mascatos, corvos mariños...)

PERCORRIDO

Comezamos na **praia de Portonovo** a onde chegamos polo desvío de terra, sinalizado, que hai na estrada que vai de Faro á praia de Esteiro, en Xove. Volvemos cara a Faro e temos un desvío á dereita que nos leva ao **miradoiro do Monte Faro**, con panorámicas da ría de Viveiro. De volta na estrada, cruzamos o lugar de Faro e seguimos cara á **praia da Area**. Desvíamonos á **Arnela** para ter unha panorámica do conxunto da praia da Area e volvemos á estrada para ir ata **Auga Doce** desde onde temos unha panorámica desde a outra punta. De Auga Doce subimos á estrada principal para coller o desvío á **Atalaia de Celeiro** desde onde temos panorámicas do porto e da parte de dentro da ría. Da Atalaia baixamos ao **porto** e pola beira imos ata a ponte Maior ou da Misericordia. Despois de cruzala desvíamonos á dereita pola zona deportiva o que nos vai permitir percorrer, por unha rúa dun só sentido, a **praia de Covas** en toda a súa lonxitude. Ao final do paseo incorporámonos á estrada de novo para seguir ata o Escourido onde nos desviamos á **área etnográfica da Ínsua** onde está o antigo cargadoiro de mineral, e moi preto a cova coñecida como **San Xoa Vello**, restos dunha igrexa rupestre. Seguindo pola pista de terra ata o final é onde nos atopamos máis preto dos cantís das **puntas da Ínsua** e do **Cabalo** e do acceso á **cova da Doncela**. De volta en Escourido desvíamonos á dereita para achegarnos ao **esteiro do rego de Escourido** que no seu tramo final, na **praia da Abrela**, é o límite do concello. E para aproveitar mellor a viaxe tamén podemos subir ao **monte de San Roque**, que se atopa detrás da vila, unha magnífica atalaia dese a que poderemos gozar dunha increíble panorámica de Viveiro e a contorna.



1-Insuela e praia de Portonovo



Punta da Eiras e A Insuela de Portonovo



Punta da Eiras e Monte Faro






2-Monte Faro



3-Punta Mogarón. Enseada dos Canaveirás.
Ao fondo a praia da Area.



4-Illa da Area, chamada tamén A Ínsua.



5-Praia e punta Arnela



6-Praia da Area, Illa da Area e monte do Faro



Praia da Area, con máis de 1 km de lonxitude.
Hai unha lenda que fai referencia á cidade de Estabañón que quedou asolagada por unha maldición.





Praia da Area



Praia da Area e rego da Costa do Martelo

7-Punta do Becerro



Costa entre a praia da Area e Celeiro



9-O Altar



Porto de Celeiro, especializado en pesca (de altura e baixura) e carga.
A lonxa de Celeiro, unha das máis importantes de Galiza, destaca sobre todo pola pescada do pincho.



Praia de Celeiro.



Porto de Viveiro

Panorámica de Viveiro desde o monte San Roque, co esteiro do Landro e a praia de Covas, de 1380 m de lonxitude.



10-Ría de Viveiro. Río Landro.



11-Viveiro. Ponte da Misericordia sobre o Landro.



Muíño de marea no esteiro do Landro



12-Praia de Covas e rego de Loiba



Os Castelos

No pozo Piago, no medio do mar, preto de Viveiro vive unha serpe mariña xigante que se deixa ver na mañán de San Xoán.



13-Praia de Seiramar





14-Praia de Sacido. Illa da Enchousa.




15-A Cuncha



Cantís entre sacido e A Cuncha



San Xoán Vello. Unha galería subterránea onde está documentada a presenza dunha antiga igrexa rupestre. No interior tiña unha fonte mirageira (na actualidade seca). Aquí houbo unha antiga igrexa que se derrubou 1.633 da que se conservan os restos dun campanario.




16-O Cargadoiro/Peirao da Mina
Área de de interpretación creada no antigo cargadoiro de mineral da Silvarosa, unhas minas de ferro que pecharon.



Xistos nos cantís do Cargadoiro. As rochas, ao seren atacadas polas ondas desgástanse e rompen de forma diferente segundo a súa consistencia e



17-Illa Queimada. O Queimado.



18-Punta do Cabalo



Puntas Ínsua e do Cabalo



Punta Ínsua



Cova da Doncela ou Forno dos Mouros
Unha galería subterránea (se cadra de orixe mineira) situada no interior dun posible castro na punta da Insua. A galería remata enriba do cantil sobre o mar. Máis abaixo hai outras galerías.



Serrón da Doncela



19-Praia da Abrela



Praia da Abrela e rego de Escourido